



Teresa López Fernández, vicerreitora de Profesorado e presidenta da Comisión de Reclamacións de prazas de profesorado laboral,

FAGO CONSTAR:

Que a Comisión de Reclamacións de prazas de profesorado laboral reunida o 5 de setembro de 2025, tomou o seguinte acordo en relación coas reclamacións presentadas na praza que se relaciona a continuación,

Praza: 25/3003

Categoría: Profesor/a Axudante Doutor/a

Área de coñecemento: Construcións Arquitectónicas

Departamento: Construcións e Estructuras Arquitectónicas, Cívís e Aeronáuticas

Centro: ETS de Arquitectura

Tras analizar a documentación da praza 25/3003, as reclamacións presentadas por Dona Inmaculada Bote Alonso, Dona Carolina Martínez García e Don Roberto Rodríguez Álvaro e os informes emitidos pola Comisión de selección, o último deles con data 29 de xullo de 2025, a Comisión de reclamacións ACORDA:

1. Estimar a reclamación realizada por Dona Carolina Martínez García en relación coa xustificación da valoración da súa formación académica como non afín á área de coñecemento da praza obxecto de concurso.
2. Estimar a reclamación realizada por Dona Carolina Martínez García en relación coa valoración da docencia impartida na área de coñecemento de Construcións arquitectónicas, no sentido de que o coeficiente de ponderación 1 ten que ser aplicado a toda a docencia na citada área, independentemente da titulación e do centro en que se desenvolve a docencia.

O Baremo para a selección do profesorado axudante doutor, substituto e asociado recollido no anexo I da *Normativa pola que se regula a selección do persoal docente e investigador*, aprobada polo Consello de goberno o día 7/11/2024 (en adiante *Normativa*), non permite o establecemento de criterios específicos de ponderación por parte da Comisión de selección no bloque II.1 Docencia universitaria en titulacións oficiais, de maneira que só poden ser de aplicación os criterios xerais establecidos normativamente, a saber:

Todos os méritos serán valorados segundo a súa relación coa/s especialidade/s de coñecemento da praza obxecto de concurso, de acordo cos seguintes coeficientes: os méritos na especialidade de coñecemento multiplicaranse por 1, os méritos nas especialidades de coñecemento afíns multiplicaranse por 0,5 e os méritos en especialidades non afíns multiplicaranse por 0,1, agás no bloque IV (experiencia profesional) nas prazas de profesorado asociado en que se actuará conforme ao aí establecido (anexo I, p. 17 da Normativa).

3. Estimar a reclamación realizada por Dona Carolina Martínez García en relación coa valoración do coñecemento da lingua inglesa por non ser de aplicación neste caso o criterio de afinidade/non afinidade coa área de coñecemento.
4. Estimar a reclamación realizada por Dona Carolina Martínez García en relación coa valoración dos méritos do punto III.1 Publicacións científicas, no sentido de que, tal e como indica a epígrafe, só poden ser valoradas nesta sección as publicacións que teñan carácter científico, isto é, que presenten resultados dunha investigación orixinal e que



contribúan ao avance do coñecemento no seu respectivo campo académico. Non cabe, por tanto, a valoración de manuais nin a de artigos en revistas que non teñan carácter científico ou non se axusten aos indicadores especificamente recollidos na norma. Para os manuais con finalidade docente universitaria a Normativa contempla a súa valoración no punto II.2.b) Calidade docente. Os artigos só poden ser valorados se están publicados en revistas incluídas en Scopus ou na Web of Science ou se contan con indicadores de calidade e revisión por pares e estean incluídas noutras bases de datos de referencia para os respectivos ámbitos de coñecemento: Dialnet Métricas. IDR (Índice Dialnet de Revistas) (para Ciencias Sociais, Humanidades e Ciencias Xurídicas), ERIHPlus (para Ciencias Xurídicas), RIBA *Online catalogue* (para Arquitectura e Urbanismo), selo de calidade FECYT (anexo I, p. 16 da *Normativa*).

5. Estimar la reclamación realizada por Dona Inmaculada Bote Alonso no relativo á relación coa área obxecto do concurso do seu contrato de investigación predoutoral, toda vez que a vinculación coa área de coñecemento se pode establecer tanto pola docencia impartida durante o período de goce efectivo do contrato como polo asunto da tese de doutoramento cuxa realización foi financiada co citado contrato, información da que dispón a Comisión de selección.
6. Desestimar na súa totalidade a reclamación presentada por Don Roberto Rodríguez Álvarez por improcedente, ao non corresponderse a argumentación dada cos méritos aducidos polo propio candidato, e as restantes reclamacións realizadas por Dona Inmaculada Bote Alonso e Dona Carolina Martínez García.
7. Requirit á Comisión de selección a xustificación da aplicación do criterio de non afinidade á titulación de Arquitectura Técnica e, no seu caso, a eventual rectificación da aplicación deste criterio, aténdose única e exclusivamente á vinculación da citada titulación coa área de coñecemento da praza obxecto de concurso.
8. Requirit á Comisión de selección que proceda a realizar a baremación da docencia das persoas candidatas de acordo co único criterio de ponderación permitido pola *Normativa*, isto é, a ponderación por 1 no caso da docencia na área de coñecemento, por 0,5 no caso da docencia impartida nas áreas establecidas como afíns pola propia Comisión de selección e por 0,1 nas áreas non afíns, sen considerar nin o centro nin a titulación en que foi impartida como criterio de afinidade.
9. Requirit á Comisión de selección que valore o coñecemento da lingua inglesa nos estritos termos que figuran no baremo (anexo I da Normativa, p. 15): nivel C2, 4 puntos; nivel C1, 3 puntos; nivel B2: 2 puntos; nivel B1: 1 punto.
10. Requirit á Comisión de selección que exclúa da valoración na sección III.1 as publicacións que non teñen carácter científico, concretamente os manuais e os artigos publicados en revistas ou outras publicacións periódicas non científicas.
11. Requirit á Comisión de selección que realice a avaliación dos contratos predoutorais segundo a súa relación coa área obxecto de concurso tendo en conta os elementos obxectivos de que dispón para establecela, a saber, o tema da tese de doutoramento e/ou a área en que foi impartida a docencia durante o período dos mesmos.
12. Dar á Comisión de selección un prazo de 5 días a partir da publicación da presente resolución no TEO para a xustificación do sinalado no punto 7, a remisión dunha nova proposta de provisión que cumpra co indicado nos puntos 8, 9, 10 e 11, e do respectivo excel.
13. Facer público este acordo



Dado que as resolucións da Comisión de reclamacións **son vinculantes** (artigo 73.2 da Lei Orgánica 2/2023 de 22 de marzo do Sistema Universitario), de non executarse o presente acordo por parte de Comisión de selección, e tendo en conta as consecuencias que se derivarían para institución pola natureza da praza obxecto de concurso (programa María Goyri), esta Comisión de reclamacións tomará as medidas oportunas para a súa execución subsidiaria e para dar inicio ás accións disciplinarias que contempla o ordenamento legal vixente, sen excluír a existencia da correspondente responsabilidade patrimonial que del puidese derivarse.

A Coruña, asinado dixitalmente

A vicerreitora de Profesorado
Teresa López Fernández